

**BOLETIN DE INSCRIPCIÓN**  
**XI Curso de Violonchelo**

Nome: ..... DNI: .....

Correo-e: ..... Tfno: .....

Modalidad activo ou oínte: .....

Centro de estudos musicais:..... Curso: .....

Proposta de repertorio para traballar no curso: .....

**Organiza**

Departamento de Violonchelo

Departamento de Corda

Conservatorio Profesional de Música  
Santiago de Compostela

[www.conservatoriosantiago.gal](http://www.conservatoriosantiago.gal)



**CURSO 2019-2020**



**XI CURSO DE VIOLONCHELO**

**14, 15, 16 de Febreiro 2020**



**Jose Enrique Bouché**

**Profesor del Conservatorio Superior de Música  
“Salvador Seguí” de Castellón**

## JOSE ENRIQUE BOUCHÉ

Estudou música en Castellón con D. Ramia e J. A. Ros e en Madrid con R. Ramos. Obtén o Premio de Honra de Fin de Grao Superior no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid e o Título Superior de Música de Cámara no Conservatorio Superior de Salamanca. Posteriormente ampliou a súa formación con M. Cervera no Centro Internacional de Educación Musical de Barcelona e estudou Doutoramento na Facultade de Pedagogía (Departamento de Teoría da Educación e Pedagogía Social) da Universidade Nacional de Educación a Distancia.

Obtivo unha bolsa pola Fundación do Banco Exterior de España, o Ministerio de Cultura, Educación e Ciencia da Generalitat Valenciana e o programa Erasmus.

No campo da música de cámara e como solista realizou concertos en España, Francia, Italia, Reino Unido, Portugal, Romanía, Suíza, Noruega, Grecia, Turquía, Arxentina, Chile, Uruguai, Brasil, El Salvador, Xapón, China e EUA

Realizou gravacións de violonchelo solo e música de cámara para Tecnosaga, Edelweis, S.G.A.E., Saimel, R.T.V.E. e Warner Music. A súa última gravación para violonchelo só e violonchelo e orquestra (Córdoba Orchestra) dirixida e composta por P. Miyar foi producida por Cooperativa de Cine.

Membro do "Cuarteto Dubhe", "Arkhé Piano Trío", "Mediterráneo de corda" e da Orquestra de cámara "Reina Sofía" en Madrid.

O seu interese pola música española contemporánea levouno a liberar e difundir obras de importantes compositores actuais (P. Artola, R. Beltrán Moner, F. Colás, J. Sánchez, E. Lorenzo, A. Gómez, R. Paús, Z de la Cruz, F. Ferrer, C. Cruz de Castro, S. Brotons, MA Coria, A. González Acilu, R. Barce, T. Marco, C. Prieto, J. Villa-Rojo, G. Gombau, M.A. Roig-Francolí, P. Miyar, MA Berbis, etc.).

Exerceu a docencia nos conservatorios profesionais de Zaragoza, Salamanca, Alcalá de Henares e "Adolfo Salazar" en Madrid e como profesor asociado de violonchelo no Conservatorio das Illas Baleares. Foi director do "Máster en Interpretación e Investigación Musical" e profesor asociado de pedagogía de corda na Universidade Internacional Valenciana-VIU. Impartiu clases maxistras en conservatorios e universidades de España, Italia, Holanda, Grecia, Romanía, Turquía, Bélxica e El Salvador.

Na actualidade é profesor de violonchelo no Conservatorio Superior "Salvador Seguí" de Castellón, director artístico do encontro internacional "Cellosmagics" (<https://www.cellosmagics.org>) e coordinador adxunto da "Rede Mediterránea para a Música" (<https://mednet4music.weebly.com>).

## INFORMACIÓN XERAL

### DATAS DO CURSO:

Venres 14 de febreiro (16h a 21h)

Sabado 15 de febreiro (10h a 14h)

Sabado 15 de febreiro (16h a 20h)

Domingo 16 de febreiro (10h a 14h)

### CLASES:

O alumnado activo realizará dúas clases individuais e unha colectiva.

O alumnado ointe poderá asistir a todas as clases do alumnado activo e tamén poderá participar na clases colectiva.

## MATRICULA

**Inscrición:** Entregarase na secretaría do centro ou no enderezo electrónico o boletín de inscrición xunto co xustificante do ingreso bancario na conta co numero

IBAN ES04 2080 0348 3030 4001 1278

Facer constar no ingreso XI Curso de Violonchelo e nome do alumno/a.

[cmus.santiago@edu.xunta.gal](mailto:cmus.santiago@edu.xunta.gal)

### Prezos:

Alumnado activo 65€

Alumnado ointe 10€

### Prazo de incrición:

Ata o día 10 de febreiro de 2020 as 14:00 horas

O número de prazas do alumnado activo é de 12 e adxudicárase por rigurosa orde de matricula.